



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Traballo Fin de Máster	Código	652536018	
Titulación	Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e Didáctica			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	O traballo de fin de mestrado realizarase de forma individual, baixo a dirección dun/a docente da titulación. Deberá reflectir que se adquiriron as competencias propias do resto das materias e poderá ter unha de dúas modalidades: proxecto de dirección ou traballo de investigación.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A40	E40: Diseñar un proxecto de dirección/investigación nas liñas temáticas establecidas nas diferentes materias do mestrado.
B1	CB6: Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, en moitas ocasións nun contexto de investigación.
B3	CB8: Que o estudiantado sexa capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	CB9: Que o estudiantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	CB10: Que o estudiantado posúa as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B6	G1: Analizar, organizar, xestionar e interpretar a información e a toma de decisións.
B9	G4: Xestionar o cambio e a innovación.
B10	G5: Organizar, xestionar e coordinar un centro docente.
B13	G8: Comunicar obxectivos e estratexias educativas.
B14	G9: Dirixir estratexicamente: planificar, implementar e avaliar plans e proxectos dos centros educativos.
B16	G11: Integrar coñecementos e perspectivas para exercer a función directiva de maneira informada, xusta, crítica, comprometida, democrática, distribuída e solidaria.
B17	G12: Adquirir unha formación metodolóxica para realizar investigacións educativas.
B18	G13: Establecer os descritores xerais que caracterizan unha investigación: seleccionar, elaborar, tratar e interpretar os datos, e presentar os resultados de acordo cos propósitos da investigación.
B20	G15: Diseñar un proxecto de dirección.
C1	T1: Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	T2: Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	T3: Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercizo da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C8	T8: Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C9	T9: Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos.



Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
<p>Ao terminar con éxito esta materia, o estudiantado será capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Desenvolver as competencias do título. · Diseñar un proxecto de dirección / investigar nas liñas establecidas nas diferentes materias do mestrado 	AM40	BM1 BM3 BM4 BM5 BM6 BM9 BM10 BM13 BM14 BM16 BM17 BM18 BM20	CM1 CM2 CM3 CM8 CM9

Contidos

Temas	Subtemas
Liñas temáticas establecidas nas diferentes materias do mestrado:	<ul style="list-style-type: none"> - Organización e autonomía dos centros escolares. - Convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos. - Liderado e dirección de centros escolares. - Investigación cualitativa en educación. - Investigación-acción e innovación. - Investigación cuantitativa. - Tratamento da información cualitativa e cuantitativa na investigación, dentro da xestión, avaliación e diagnóstico das institucións escolares. - Avaliación de materiais curriculares. - Xestión de calidade nos centros docentes, autonomía, transparencia e rendición de contas: plans de mellora. - Tecnoloxías dixitais nos centros educativos. - Escola e demais axentes educativos: interaccións. - A construción histórica do sistema educativo: políticas educativas, reformas e dirección de centros. - Formación docente e comunidades de aprendizaxe. - Planificación estratéxica dos procesos na xestión de calidade: proxecto de dirección. - Xestión de recursos humanos, económicos e administrativos. - O proxecto de dirección no marco dos proxectos educativos de centro.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A40 B1 B3 B4 B16 B17 C1 C8	3	15	18
Proba oral	A40 B3 B4 B6 B13	1	20	21
Traballos tutelados	A40 B1 B3 B4 B5 B6 B9 B10 B13 B14 B16 B17 B18 B20 C9	0	100	100



Lecturas	B1 B3 B5 B6 B16 B17 B18 C2 C3	0	10	10
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Proba oral	Proba na que se busca responder, de forma oral, a preguntas cortas ou de certa amplitude, valorando a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de elaboración e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario Proba oral Traballos tutelados	Cada alumno/a contará con unha persoa titora do TFM na Facultade.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba oral	A40 B3 B4 B6 B13	Proba na que se busca responder, de forma oral, a preguntas cortas ou de certa amplitude, valorando a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de elaboración e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.	30
Traballos tutelados	A40 B1 B3 B4 B5 B6 B9 B10 B13 B14 B16 B17 B18 B20 C9	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.	70

Observacións avaliación



NOTA: A UDC

regula a matrícula

de estudantes a tempo parcial, criterios que tamén serán tidos en conta polo profesorado, polo que será necesario que o alumnado con este tipo de réxime de dedicación, o informe ao profesorado e concerten a maneira na que se desenvolverá o seu proceso de ensino-aprendizaxe.

Aspectos a ter en conta:

- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

- Será primordial e obrigatoria a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación) gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.

- No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14.

4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

Fontes de información

Bibliografía básica	As propostas pola dirección académica do Traballo de Fin de Mestrado.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías